

Convocatoria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, para o día 13 de marzo de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes. Este mes, por acordo adoptado na Xunta de Portavoces do 4 de marzo de 2024, terá lugar o mércores, 13 de marzo de 2024.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente en sesión **ordinaria**, para o **día 13 de marzo de 2024**, ás 17.50 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/18H/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior correspondente á ordinaria do día 15 de febreiro de 2024.

2. 2024/3747K PRESIDENCIA

Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación de Ourense para a execución do “Plan de sustentabilidade turística Ourense Colle Velocidade, Vilas Históricas e Termas” no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Nextgenerationeu.

3. MOCIÓN DE URXENCIA.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

